

¿UN FILLO DE GÓMEZ CHARIÑO?: ÁLVARO PAIS; TRAXECTORIA E PROMOCIÓN AO EPISCOPADO

José Antônio de C. R. de Souza
Universidade Federal de Goiás

Este ano en curso, polo menos os interesados na cultura medieval, galega e franciscana, debemos lembrar, entre outras, unha efeméride importante: o 7º centenario do ingreso de Álvaro Pais, famoso cano-nista galego, na Orde dos Menores, na cal, na súa época, destacou como un dos maiores defensores da súa unidade e tamén como activo combatente intelectual dos adversarios da Igrexa e do Papado.

Con este estudo, polo tanto, intentamos sintetizar os resultados parcelares recollidos por moitos investigadores durante o século XX sobre este ilustre fillo de Galicia, e tamén expor sistemática e analiticamente a súa biografía, ata a súa merecida promoción ao episcopado.

A dúbida existente hoxe en día é referente á data do seu nacemento, da que só se sabe que foi entre 1270 e 1280 en Galicia. Ese descubrimento produciuse na década dos 60 do século pasado, grazas ás investigacións do lusitano Sousa Costa. Ata aquel momento, os estudiosos da súa biografía debatían se sería español ou portugués¹, consonte as modernas acepcións xeopolíticas desas palabras, debido a que el mesmo se referiu de maneira imprecisa a este feito: “(...) Frei Álvaro, menor de profesión, bispo de Silves, hispano de nación, doutor de Degredos, escolástico na Sagrada Teoloxía (...)”², algúns deles, como Nicolas Lung³ e Livarius Olinger⁴, por descoñeceren as peculiaridades da súa vida.

1 Cf. J.CALVET DE MAGALHÃES, en “A Nacionalidade de Álvaro Pais”, Lisboa, *Revista da Faculdade de Letras*, 11 (1967), p. 29-50.

2 *Colírio da Fé contra as Heresias*, ed. bilingüe de Miguel Pinto de MENESES, Lisboa, Inst. de Alta Cultura da Faculdade de Letras, 1954, vol. I, p. 34 (en diante *CFCH*).

3 Nicolas IUNG, *Un Franciscain Théologien du Pouvoir Pontifical au XIVe Siècle: Álvaro Pelayo Évêque et Penitencier de Jean XXII*, París, J. Vrin, 1931, p. 7: [Álvaro] “(...) est né dans la province de Galice à San Payo, et c’est pourquoi ses concitoyens l’appelèrent Alvaro Paez. Dès lors, quand Pelayo écrira qu’il est de nation espagnole, il faudra entendre le mot ‘hispanus’ dans le sens qu’il avait au XIVe siècle où il s’appliquait à toute la péninsule ibérique, car de fait la Galice se trouvait en Portugal (...)”.

4 “Alvaro Pelayo ed un Curioso Racconto su la Verna”, *Studi Francescani*, 33 (1936), p.133: “(...) essendo egli nato in Galáxia spagnuola dove si parlava il portoghese (...)”.

ridades da Península Ibérica medieval, cometeran algunhas imprecisi3ns dignas de ter en conta.

Ante este problema, que dificulta o traballo do investigador, especialmente dos m3is novos, con este estudo, por un lado, pretendemos, 3 luz dos recentes descubrimentos, facer unha s3ntese da traxectoria de vida de frei 3lvvaro, ata o seu nomeamento como bispo de Silves (c. 1333) e, por outro, situalo no seu tempo abordando os asuntos m3is candentes nos que estivo implicado: o debate arredor das relaci3ns de poder entre o Papado e o Imperio; a controversia sobre a pobreza absoluta de Cristo e dos ap3stolos, fundamento da pobreza franciscana.

3 parte, c3mpre subliñar que Lucas Wadding, famoso historiador menorita irland3s, hai m3is de tres s3culos, na s3a obra monumental *Annales Minorum*, xa afirmara que 3lvvaro era espa3ol, natural de Galicia, precisamente dun lugar chamado San Paio, por se chamar *3lvvaro Pajo*. Ademais, descubriu que fora dispensado, a trav3s de bulas pontificias,

dun impedimento can3nico referente ao seu nacemento, co fin de poder ser cl3rigo da diocese de Compostela, e que, m3is tarde, foi recibido entre os menores, fac3ndose novizo na provincia de S. Francisco.⁵

A mencionada pista indicada por Wadding sobre o lugar de nacemento de frei 3lvvaro, talvez inducidos polo feito de que ese era o costume entre os franciscanos medievais, foi crida por alg3ns historiadores *ad litteram*, polo que buscaron un lugar as3.⁶

O descubrimento de Sousa Costa, como el mesmo relata, foi suscitado polo feito de atopar un tanto singular a maneira en que o Papa Xo3n XXII (1316-34) se dirixira ao menorita galego na mencionada bula *Libentur Illis* (22-03-32) de dispensa de impedimento can3nico: *Alvarus Pelagii, Carino de Salves*. Parecelle que a palabra *Salves* indicaría, probablemente, o lugar onde 3lvvaro nacera. Logo dunha dilixente, pero infrut3fera busca, chegou 3 conclusi3n de que se trataba dun erro do copista do documento.⁷ Proseguindo coa

4 "Alvaro Pelayo ed un Curioso Racconto su la Verna", *Studi Francescani*, 33 (1936), p.133: "(...) essendo egli nato in Gal3xia spagnuola dove si parlava il portoghese (...)".

5 *Annales Minorum*, VI, Quarachi-Firenze, 3a. ed., 1931, p. 154: "(...) Alvarus Pelagii, Hispanus ex Gallecia, uti quibusdam monumentis pontificiis dispensatibus circa quendam defectum natalium elicio, vulgo Alvaro Pajo, sive de San Pajo, provinciae tamen sancti Francisci alumnus... receptus est etiam in hoc capitulum ad habitum et Ordinis instituta frater Alvarus Pelagii J.U. Doctor celeberrimus, Hispanus compostellana Diocesis clericus (...)".

6 Cf. O. VAZQUEZ, "Fray Alvaro Pelagio (OFM) Jurista Gallego del siglo XIV". *Bolet3n de la Comisi3n Provincial de Monumentos Hist3ricos y Art3sticos de Orense*, 12 (1940) p. 337-334, 13 (1941) p. 1-11. Segundo ese estudoso, o local, hoxe, ch3mase Aranda e local3zase 3 marxe do r3o Mandeo. Cf. tam3n CALVET DE MAGALH3ES, *op. cit.*, p. 44, nota 2: "(...) Trata-se com efecto de San Pelayo de Aranda y Betanzos, banhada pelo r3o Mandeo, que corre na prov3ncia da Corunha, nascendo no monte Cova d'a Serpa, nos confins da prov3ncia de Lugo e desagua na r3a de Ar3s e Betanzos (...)".

súa investigación, ao examinar os rexistros de Clemente V (1305-14) e de Xoán XXII, o investigador lusitano acabou encontrando un arcediagado en Galicia nun lugar denominado Salves ou Salnés, feito que lle posibilitou resolver o curioso enigma.⁸

A dita bula de Xoán XXII tamén facía referencia ás dispensas semellantes, anteriormente concedidas por Nicolao IV (1288-92) e Bonifacio VIII (1294-1303), en favor de Álvaro, feito este que levou a Sousa Costa á seguinte conclusión “(...) Frei Álvaro Pais foi clérigo antes de ingresar nos franciscanos, e tiña o apelido de Chariño [léase sobrenome, a observación é nosa]. E foi ao clérigo de Compostela Álvaro Pais Gomes Chariño, xa dispensado do impedimento de ilexitimidade por Nicolao IV e por el mesmo, a quen Bonifacio VIII lle concedeu unha prebenda con prestimonio na catedral de Compostela, en cuxa diocese el tiña beneficios (...)”.⁹

Ampliando as investigacións de Sousa Costa, Isaac Vázquez Janeiro descubriu que Álvaro Pais “(...) naceu no Salnés, parro-

quia escondida entre os viñedos do fértil val do mesmo nome, xunto á vila de Cambados, provincia de Pontevedra e diocese de Compostela (...)”.¹⁰

Quedaba aínda outra cuestión: sería posible identificar a familia de Álvaro Pais? No principio do século XX, o menorita galego Alejandro Amaro suxeriu a hipótese de que, talvez, fose fillo de Ruy Paez de Sotomayor, valoroso cabaleiro galego que, aínda que fose de nobreza recente, en vez de axudar a D. Sancho IV (1284-1295) nas loitas que o monarca tivera contra D. Diego de Haro, señor de Vizcaya, en 1287, acabou dando a vida polo seu rei.

Avanzando nas súas conxecturas, apóiase no dato segundo o cal Álvaro era ilexítimo. O propio Álvaro, nun testemuño no que refire a súa adolescencia, afirmou que a pasara na corte de D. Sancho IV, o cal o mantivo¹¹, e Amaro tamén concluíu que o mencionado rei protexeu os fillos daquel nobre.¹²

7 Antônio Domingues de SOUSA COSTA OFM, *Estudos Sobre Álvaro Pais*, Lisboa, Instituto de Alta Cultura da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 1966, p. 74: “(...) consultamos enciclopédias e dicionarios espanhóis, mas sem êxito. E logo entramos a sospeitar que se tratasse de algum erro dos copistas (...)”.

8 *Op. cit.*, p. 75: “(...) pois a consoante ‘n’ frequentemente aparece nos documentos do tempo, confundida com a vogal ‘u’, tendo valor de ‘v’ (...), não há pois dúvida alguma de que Álvaro Pais era originario de Salnés, diocese de Compostela, pertencente à região de Pontevedra, não muito longe de Vigo (...)”.

9 *Ibidem*, p. 80-81. Cf. tamén as referidas bulas nas páxinas 5-6 do mencionado estudo.

10 Cf. “Aportaciones Histórico-literarias a la Historia del Pensamento Medieval en España”, *Antonianum*, 47 (1972) p. 658.

11 *Espelho dos Reis*, vol. I, Lisboa, Instituto de Alta Cultura da Faculdade de Letras, 1955, p. 54, en diante *ER*.

12 “Fr. Alvaro Pelagio, su vida, sus obras y su posición respecto de la cuestión de la Pobreza Teórica en la Orden Franciscana, bajo Juan XXII”, *Archivo Ibero Americano*, 13 (1913), p. 11-12.

Foi Vázquez Janeiro, disentindo do seu confrade, quen propuxo outra hipótese, baseada en razóns bastante sólidas¹³, sobre a familia de Álvaro de acordo coa cal el era fillo do seu membro máis ilustre naquela época, a saber: “(...) D. Paio Gómez Chariño (c. 1220-1295), coñecido como poeta e aínda máis como militar polas súas brillantes actuacións na conquista de Jaén (1245) e na de Sevilla (1248), ao lado do rei Fernando III, o Santo. Polos seus servizos foi agraciado cos honrosos títulos de Primeiro Adiantado de Galicia e Quinto Almirante Maior do mar e beneficiado con moitos privilexios e terras (...)”.¹⁴

No seu estudo Vázquez Janeiro suxe-riu que a nai do noso personaxe era nobre e pertencía á familia Fernández Sotomayor, emparentada cos Gómez Chariño. Para defender a súa hipótese alegaba os seguintes datos importantes: no seu testamento, Álvaro deixoulle bens á súa irmá Sancha Fernández, á filla desta, Constança, a un certo Pedro Fernández e, igualmente, dedicoulle a súa obra principal, o *Estado e Pranto da Igrexa*, ao cardeal Pedro Gómez Barroso, ilustre membro da familia Sotomayor.¹⁵

Máis alá do que vimos dicindo, tendo presente os máis antigos documentos papais da autoría de Nicolao IV e de Boni-

13 *Op. cit.*, p. 659/662-663: “(...) Sería aventado suponer que nuestro Alvaro Pelagio fuese hijo nada menos de D. Payo Gómez Chariño ? Apuntemos sin más razones (...). a) Ante todo, no hay dificultad por parte de la cronología (...). D. Payo andaría por sus cincuenta años hacia 1270 fecha aproximada del nacimiento de nuestro autor. b) Además de los últimos apellidos identificadores del padre, tenemos que el primer apellido Pelagii corresponde al patronímico Peláez (derivado de la forma gallega Payo); esta derivación patronímica expresaba, según el uso de entonces, una filiación; por tanto, nuestro Alvaro no puede ser hijo sino de un Payo Gómez Chariño. Se de el caso, además, que un hijo legítimo del Almirante se llamó también Alvar o Alvaro Pais (...) c) El niño Alvaro Pelagio o Pais, aunque bastardo, se educó en la corte del rey Sancho IV de Castilla; para ello, se necesitaba influjo político en su familia, y lo tenía ciertamente D. Payo que continuaba en su cargo de Almirante Mayor del mar; por otra parte, es difícil suponer que dicho Almirante, permitiese que un niño, sin ser hijo suyo, ostentase en la corte su mismo nombre y apellidos. d) Por último, es significativo constatar que de los cuatro primeros beneficios eclesiásticos que Alvaro disfrutaba, como clérigo menor, en vida todavía de D. Payo, al menos estaban enclavados en señorios de este (...) o sea en las iglesias de S. Miguel de Fraga, de Santa Maria de Behemur, de S. Martín de Souteras y de Santa Maria de Yro. San Miguel de Fraga, parroquia cercana a Pontevedra en las orillas del río Lérez; Santa Maria de Behemur, o mas exatamente, de Bemil, ao lado de la villa de Caldas de Reyes; y San Martín de Souteras que corresponde sin duda, a S. Martín de Soberán que se convirtió en la actual parroquia de S. Martín de Villajuan, cerca de Villagarcía de Arosa... Por tanto, Alvaro Pelagio, como clérigo, podía disfrutar de unos bienes familiares, de los que, como bastardo, no hubiera tenido parte (...)”.

14 *Op. cit.*, p. 659. Cf. tamén, “El pensamiento hispano-franciscano medieval en la historiografía reciente”, en *Pensamiento medieval hispano Homenaje a Horacio Santiago-Otero* (José María Soto Rábanos, Coordinador), Madrid, CSIC/Consellería de Educación e Cultura da Junta de Castilla y León, Diputación de Zamora, vol. II, 1999, p. 1.160.

15 *Ibidem*, p. 660.

facio VIII, relativos a Álvaro Pais, ata este momento, nada se sabe referente á súa infancia, adolescencia e xuventude, pero podemos supor que, ao ser destinado ao sacerdocio, frecuentaría a famosa escola catedralicia de Compostela, onde recibiu formación cultural básica e filosófico-teolóxica ben sólidas co fin de poder exercer ben o seu ministerio, como se pode verificar na súa *opera*. Despois, talvez entre os 23 e os 26 anos de idade, conforme prescribían as normas canónicas daquela en vigor, arredor de 1293-96, debeu ser ordenado sacerdote.

Agora ben, Álvaro debeu destacar como bo estudante e, igualmente, debeu manifestar o seu desexo de proseguir os seus estudos. Daquela, e durante o século XIII, como consecuencia dunha acción máis política ca pastoral pola súa parte, a Igrexa era gobernada principalmente por papas que, no tocante á súa formación intelectual, destacaban como xuristas. Abonde mencionar, como exemplos, Inocencio III (1198-1216), Gregorio IX (1227-41), Inocencio IV (1243-54) e o propio Bonifacio VIII. Igualmente, podemos supor que algúns parentes próximos de Álvaro debían de ser conscientes disto e, desexando que o novo sacerdote un día puidese ascender á xerarquía eclesiástica,

encamiñáranos para Bolonia, co fin de que seguise estudando e se doutorase *in utroque iure*, o que, de feito, aconteceu, conforme el mesmo nos narra no *Estado e pranto da Igrexa*. Porén, non se sabe canto tempo permaneceu en Bolonia, onde foi alumno e amigo do célebre canonista Guido de Baisio¹⁶, o cal impartía clase na universidade local desde 1283, e a quen, en 1303, Bonifacio VIII nomeou chanceler desta e arcediogo da diocese bononiense, aínda que Álvaro o censura por cobrarlles 25 libras aos estudantes para a emisión do diploma (*licentia docendi*) de doutor ou de licenciado, aínda que a el só lle cobrou 15 libras, *ex speciali gratia*.¹⁷

Algún tempo despois, o propio Guido relata no seu *Appartus* que Álvaro se converteu en profesor na Universidade de Bolonia: "(...) Sicut de facto patuit de socio nostro, magistro Alvaro doctore decretorum hyspano (...)".¹⁸

Tampouco se sabe se durante ese tempo Álvaro estivo noutros lugares de Italia ou con quen conviviu. Mentres, ocorrerían algúns acontecementos moi especiais e decisivos na súa vida, porque, en 1304, talvez aos 40 anos de idade, renunciando a todos os seus bens de raíz, a títulos e privilexios, á fama e aos honores,

16 *Estado e Pranto da Igrexa*, en diante *EPI*, I, art. 40º, vol. I, 1988: 537. No traballo en tea, utilizaremos a edición do INIC/JNICT/Fundação para a Ciência e a Tecnologia, Lisboa, vol. I-VIII, 1988-1998. Cf. tamén, *CFCH*, I, p. 78.

17 *Ibidem*, art. 34º, ed. cit., vol. V, p. 341: "(...) Isto observa-se mal em Bolonha, onde o Arcediogo de Bolonha que dá as licenças exige e recibe de qualquer doutorando ou licenciando 25 libras pela licença. Portanto, também tu pecaste em Bolonha, embora por graça especial eu não lhe tenha pago senão 15 libras (...)".

18 Transcrito por SOUSA COSTA OFM, *op. cit.*, p. 9.

resolheu facerse frade menor na cidade de Asís, como o testemuña o propio Guido: “(...) qui omnibus suis beneficiis renunciavit expresse et omnia sua inter pauperes dispensavit et immediate ingressus est fratrum Minorum (...)”¹⁹, e foi recibido na orde por frei Gonçalo Gómez²⁰, da provincia de Santiago de Compostela e, quizais, parente seu, o cal acababa de ser elixido Ministro Xeral, como el mesmo conta.²¹

Foi en Italia, polo tanto, onde Álvaro pasou a maior parte de súa vida, isto é, desde os últimos anos do século XIII ata 1329-30, cando, por convite, se mudou para Aviñón. Aínda que, dada a falta de fontes, é difícil precisar con exactitude onde viviu e que fixo durante todo ese

tempo. Quédanos a alternativa de recorrer ás informacións que el mesmo ofrece, aínda que estas sexan cronoloxicamente imprecisas.

Álvaro debeu permanecer en Asís durante un ano, como novizo. Ao ano seguinte, 1306, aínda que permanecese vinculado á provincia de San Francisco, xa menorita profeso, estaba en Perusa, onde ensinou dereito canónico no convento dos Pregadores.²² Durante algún tempo viviu na ermida de Cibottola, localizada entre Perusa e a cidade de Pieve.²³

É probable que en 1310 Álvaro, segundo o relato de frei Francisco Bartoli de Asís, estivese novamente no convento de Asís. Aí, el e outros irmáns de hábito oíron unha señora natural de Friburgo

19 Transcrito por SOUSA COSTA OFM, *op. cit.*, p. 9.

20 Este menorita galego, designado equivocada e tradicionalmente pola historiografía como Gonçalo de Valboa ou Valbuena, que viviu no século XV conforme apunta I.V. JANEIRO OFM, *op. cit.*, 1999, p. 1152, “(...) desempeñó el oficio de provincial de la provincia de Santiago a finales del siglo XIII, y el único provincial de nombre Gonzalo de esa época es el que ahora en la documentación aparece actuando en 1285 con el nombre y apellido de Gonzalo Gómez. Más tarde, en los postreros años de ese mismo siglo, fue profesor del grande Studium universitario de Paris y elevado a regente del mismo a comienzos del siglo XIV. En 1304 fue elegido ministro general de la Orden, el primer español en ese cargo, que él desempeñó hasta su muerte (...)”.

21 *EPI II*, art. 34º, ed. cit. vol. V, 1995, p. 319: “(...) mestre Gonçalo, professor de Sagrada Teologia, hispano, ministro-geral da Ordem dos Frades Menores, que me recebeu na Ordem em Assis (...)”. Cf. tamén A. COCCI, *op. cit.*, p.: 277-278: “(...) Gonsalvo rappresentante della generazione che seguì alla morte di Bonaventura e Tommaso, com la sua dottrina filosofica è stato intermediario tra il tomismo e il bonaventurismo agostiniano; allievo dell’Olivi, in lui si era precisata l’evoluzione verso la nuova sintesi di agostinismo ed aristotelismo che raggiungerà il suo equilibrio in Duns Scoto, all’epoca suo bacelièri sentenziario (...)”.

22 *EPI II*, art. 42º, vol. IV, ed. cit., p. 431.

23 *EPI II*, art. 70º, vol. VII, ed. cit., p. 473: “(...) No eremitério de Chibotoli na custódia perusina, provincia de S. Francisco, a cuja familia eu pertencia, vi un irmão, e oxalá fosse o único, que, mandando-lhe o guardião na minha presença entregar umas toalhas, que tinha a mais na cela, para uns irmãos forasteiros (...) não o quis fazer, e fugiu para a cela (...)”.

narrarlles unha visión que tivera con relación á indulxencia da Porciúncula.²⁴

É incluso probable que frei Álvaro estivese en Milán arredor do mes de xaneiro de 1311, pois, no inicio do referido mes, Henrique de Luxemburgo (1308-1313), emperador romano-xermánico, recibiu aí a coroa de ferro, símbolo da realeza italo-lombarda, aínda que el mesmo nos diga que: “(...) A segunda, de prata, recíbea do arcebispo de Milán (...). Mentres, o moi católico Henrique, que eu vin, recibiu en Milán na Igrexa de S. Ambrosio no tempo do Papa Clemente V (...)”.²⁵

Certamente, nalgunha ocasión debeu de se encontrar novamente con frei Gonçalo Gómez, no convento dos franciscanos en Lucca, antes da súa morte, ocorrida en 1313, conforme Álvaro relata, enaltecéndoo como intelectual de renome e auténtico relixioso menorita.²⁶

Noutro paso do *Estado e Pranto da Igrexa*, Álvaro di, sen especificar o momento, que estivo en Pisa.²⁷ Non obstante, L. Oligier cuestiona esa información dada polo menorita galego, debido a que descobre que a citada pasaxe da sobredita obra é case unha transcripción *ad litteram* dun lance do *De Consideratione ad Eugenium* de S. Bernardo (1090-1153), libro IV, capítulo 5º.

De acordo co citado estudoso italiano, Álvaro nin sequera pensou en suprimir as palabras do doutor Melifluo: “ubi eramus tunc”, pois este estase a referir ao cardeal Martiño²⁸ e, remata as súas consideracións a este respecto dicindo que, nas primeiras décadas do século XIV, non había ningún cardeal cisterciense con ese nome.²⁹

Álvaro tamén relata que viviu na ermida franciscana de monte Alverne, sen dicir cando nin cantas veces. Lembra el que, nesa localidade, oíu un relato dos frades segundo o cal, nos primordios da orde,

24 SOUSA COSTA OFM, *op. cit.*, p. 20.

25 *EPI II*, art. 39º, vol. V, ed. cit., p. 263.

26 *EPI II*, art. 67º, vol. VII, ed. cit., p. 283: “(...) Frei Gonçalo de santa memoria, hispano da provincia da Galiza, nobre pelo nascimento, mas mais nobre pela vida, costumes e pobreza evangélica, verdadeiro frade menor ardentissimo zelador da regra e dono da pobreza (Mateus, XI) e da humildade do Senhor, com quem na casa dos frades de Luca levei escudelas na mesma pia, mestre realissimo de Teologia nas palavras e nos actos, un dos maiores letrados do mundo no trívio e no quadrívio... e nosso ministro-geral, eliminou em sua vida a propriedade em toda a Ordem... mas levou alguns irmãos a mover-lhe perseguição”.

27 *EPI II*, art. 15º, vol. IV, ed. cit., p. 539.

28 Livarius OLIGIER OFM, “Alvaro Pelayo fu a Pisa?”, *Studi Francescani*, 34 (1937) p. 49: “(...) Il Pelayo lo dice monaco cisterciense e claravalense, cioè del Monastero di Clairvaux, mentre S. Bernardo parla semplicemente di “Martino Nostro”, espressione dalle quale il nostro autore e molti altri dopo lui hanno dedotto senz’altro la qualifica monacale del cardinale. In realtà non consta per niente che Martino fosse stato monaco cisterciense, secondo il Mabillon, il quale spiega quel “nostro” de S. Bernardo col dire che Martino o era francese, o amico del Santo, o finalmente che era veramente cisterciense (...)”.

29 *Ibidem*, p. 49-50.

Lucifer estaba moi enfadado porque os relixiosos daquel convento observaban fielmente o voto de pobreza. Por iso decidiu que faría que os frades pecasen. Nese intento fíxose pasar polo intendente dun rico señor das proximidades, o cal, ata aquel momento, lles daba esmola aos frades con moita sobriedade.

Pasado algún tempo, aquel señor notoriamente avarento transformouse nun pródigo e aos frades estrañoulles aquela mudanza repentina nos seus hábitos. Un dos relixiosos tivo unha visión referente ao que pasaba e sobre quen era realmente o novo intendente daquel señor. A artimaña diabólica foi descuberta e revelada a todos os relixiosos que volveron á práctica da pobreza con maior rigor.

Noutro lance alusivo á súa estadía (?) naquela ermida, Álvaro testemuña que moitos confrades, e incluso el mesmo, que

desexaban vivir a pobreza franciscana con rigor, estaban sendo perseguidos polos seus superiores e compañeiros relapsos.³⁰

Esa narración suxire que Álvaro alude ás tribulacións polas que estaban a pasar os espirituais franciscanos³¹, non só arredor de 1310, senón, sobre todo, logo da súa condenación oficial pola Igrexa como herexes entre 1317-1318.³² Ademais, isto tamén é moi importante porque revela indubidablemente que o menorita galego formaba parte dese grupo de relixiosos de maneira que “(...) possiamo quindi com qualche sicurezza assicurare la dimora sulla Verna agli anni, che immediatamente seguirano a la morte di Gonsalvo (...)”.³³

Nese momento, polo tanto, frei Álvaro estaba a traballar prestándolles asistencia espiritual aos disciplinados de Perusa³⁴, aos cales, ademais, os franciscanos procuraran darlles unha condición estable, organi-

30 *EPI II*, art. 67º, vol. VII, ed. cit., p. 267-269: “(...) hoje e já há muito existem na Ordem zeladores da pureza da Regra, que se opõem às transgressões, e padecem muitas vezes e onde calha, da parte dalguns prelados e irmãos carnaís, perseguições, não só verbais como reais (...) como eu próprio que estou escrevendo experimentei muitas vezes em mim mesmo, sobretudo quando morava em Monte Alverne, onde S. Francisco recebeu os estigmas de Cristo (...) Exemplos? Procurem-se com paciência na província da Provença (...) da Toscana (...) da Marca e de S. Francisco (...)”.

31 Ese grupo de frades xurdido durante o xeneralato de frei Elías (1232-39) tiñan como meta ascética vivir rigorosa e cotiamente a pobreza evanxélico-franciscana, non só conforme o estipulado na Regra de 1223, senón tamén de acordo co Testamento do “*Poverello*”, procedemento ese que non se axustaba historicamente á propia evolución da orde. Os líderes do movemento, entre os cales estaban Pedro de João Olivi (1248-98), Ubertino de Casale e Angelo Clareno foran persoas convencidas do mencionado ideal, aínda que moderadas nas súas posicións, non se pode dicir o mesmo de moitísimos outros frades que se comportaban excentricamente e facían exacerbadas e duras críticas ás riquezas e ao exercicio do poder temporal da parte do papa e dos prelados eclesiásticos. A propósito, cf. o excelente estudo do Prof. Nachman FALBEL, titulado *Os Espirituais Franciscanos*, São Paulo, EDUPS/Perspectiva, 1995.

32 Cf. *Quorundam exigit* (07/10/1317); *Sancta Romana* (30/12/1317) e *Gloriosam Ecclesiam* (23/01/1318).

33 Livarius OLIGER OFM, “Alvaro Pelayo ed un Curioso Racconto Su la Verna”, *Studi Francescani*, 33 (1936) p. 137-138.

34 Ese grupo de leigos eran terciarios franciscanos, así designados naquela cidade.

zando o seu movemento penitencial de forma ortodoxa, co fin de os inmunizar contra a herexía.

Aínda despois das mencionadas condenas dos espirituais polo Papa Xoán XXII (1316-34), Álvaro Pais “(...) sen renunciar ás súas ideas e ao seu amor pola observancia da pobreza e da regra (...) separouse totalmente dos “espirituais” e adheriuse cordialmente á “comunidade”. Desde este momento, para el, os “espirituais” non son máis que rebeldes e cismáticos (...)”.³⁵

Desde esa ocasión ata 1326 non dispomos de ningún dato sobre que faría ou por onde andaría Álvaro Pais, pero, por outro lado, outros dous importantes acontecementos axitaban a cristiandade. O relativamente máis coñecido é a última gran disputa

medieval arredor das relacións de poder que implicou o Papa Xoán XXII e o emperador Ludovico IV (1314-47)³⁶, asunto este que trataremos máis adiante, só a partir da implicación do menorita galego con este.

O outro acontecemento ten que ver cos graves desentendementos entre a Orde dos Menores e o Papa Xoán XXII sobre a absoluta pobreza de Cristo e dos apóstolos como fundamento para a pobreza franciscana que, como veremos, culminou co cisma e a excomuñón (20 de abril de 1329) do Ministro Xeral, Miguel de Cesena (1316-29), e doutros dirixentes e intelectuais menoritas que romperan co Papado³⁷, debate no que Álvaro Pais tamén tomou parte, aínda que, cun certo atraso³⁸, ao expresar detalladamente a súa opinión

35 Cf. Isaac V. JANEIRO OFM, *op.cit.*, p. 666.

36 A propósito deste conflito, remito o lector a tres estudos da miña autoría respectivamente titulados, “A Gênese do Conciliarismo”, *Leopoldianum* 21 (1981), p. 15-38; “Guilherme de Ockham e súa época”, *Leopoldianum* 26 (1982), p. 5-32; “Marsílio de Pádua e a *Plenitudo Potestatis*”, *Revista Portuguesa de Filosofia*, XXXIX (1983) p. 121-170, os cales, logo dun proceso de profundamento, en boa parte, bebendo das fontes, da bibliografía e dos capítulos 1º e 3º da miña tese de doutoramento en historia social, presentada e defendida no Departamento de Historia da Universidade de San Paulo, (USP), en setembro de 1980, titulada “*A Contribuição Filosófico-Política de Guilherme de Ockham ao conceito de poder civil*”, baixo a dirección do prof. Dr. Nachman Falbel.

37 Sobre ese asunto remitemos o lector aos seguintes estudos: J. Antônio de C.R. de SOUZA, “Miguel de Cesena: Pobreza Franciscana e Poder Eclesiástico”, *Itinerarium* 130-131 (1988): 191-231; M.D. LAMBERT, “The Franciscan Crises under John XXII”, *Franciscan Studies*, 32, (1972); M. DAMIATA, *Guglielmo d’Ockham: Poverità e Potere*, vol. I, Firenze, Edizioni Studi Franciscani, 1978.

38 Cf. João Morais BARBOSA, *O De Statu et Planctu Ecclesiae Estudo Crítico*, Lisboa, Universidade Nova de Lisboa, 1982, p. 75-79, p. 79: “...Portanto – e embora salvaguardando a possibilidade de erro da nossa interpretação -, teremos de concluir que os artigos 55 a 63 do segundo livro foram acrescentados por Álvaro Pais, ao rever o tratado de Tavira, estando de todo ausentes na edição original...”. *Ibidem*, p. 102-103: “(...) Álvaro Pais compôs o De Statu et Planctu Ecclesiae ao longo de dois anos, entre 1330 e 1332. Reviu-o, pela primeira vez, no ano de 1335, na vila de Tavira (...). A primeira redacção incluía já todos os artigos do primeiro livro. No respeitante ao segundo livro, não registava o texto daqueles que viriam a ser, posteriormente, os artigos 55 a 63 (...). Ao rever o tratado em Tavira, o autor ter-lhe-ia acrescentado os artigos 55 a 63 do segundo livro (...)”.

sobre isto no *Livro Segundo do Estado e Pranto da Igreja*.

Esa controversia orixinouse en 1321, a partir dunha simple afirmación proferida por un terciario franciscano de Narbona, ligado aos espirituais, segundo a cal, Xesús e os seus apóstolos foran cotiá e absolutamente pobres, non posuíran nada persoalmente ou en común. Aínda que tal aseveración circulase entre aquel grupo de menores e lles servise como fundamento bíblico para criticar duramente as riquezas e o poder, non soamente da propia orde senón tamén da Igrexa, acabou gañando proporcións inimaxinables a causa da intransixencia das partes implicadas. Tanto foi así que, logo dos inquisidores, entre os que estaban un dominicano e outro franciscano, oíren en tribunal o referido terciario, os dous disentiron entre si, posto que o menorita chegou á conclusión, e defendeuna, de que aquela afirmación estaba en perfecta consonancia co que o Papa Nicolao III declarara na bula *Exiit qui Seminat* (1279) sobre como se debía entender e vivir a pobreza evanxélico-menorita.³⁹

Os outros inquisidores, liderados polo dominicano, acusaron o franciscano de que a súa opinión, debido ás súas consecuencias prácticas referidas máis arriba, igualmente o encadraba baixo a sospeita de estar a proferir unha herexía. Entón,

sentíndose coaccionado, no comezo de 1322 frei Tolón apelou á Santa Sé.

O día 6 de marzo, durante un consistorio, Xoán XXII pediulles a todos os cardeais, prelados e doutores en teoloxía que naquela ocasión traballaban na Curia que se manifestasen por escrito con respecto á mencionada opinión. Nicolao III instituíra ao final da *Exiit* que ninguén discutise o contido da Regra Menorita, baixo pena de incorrer en castigos severos por parte do Papado e o Sumo Pontífice, considerando que aquela frase se relacionaba co estatuto franciscano, igualmente revogou aquela disposición do seu antecesor e incluso estableceu que ninguén falase sobre ela ata que os seus peritos executasen a misión que lles confiara.⁴⁰

Malia esa prohibición, algúns frades, entre os cales estaban os ingleses Ricardo de Conyngton, Walter de Chaton, Guillaume de Woodford, os españois Alfredo de Gualtieri, lector no convento de Barcelona, Jerónimo de Catalunya, bispo de Jaffa, e os lusitanos Estevão, bispo de Lisboa e Simão, bispo de Badajoz, e ata o mesmo Roberto, *O Sabio*, rei de Nápoles e vigairo papal no ámbito secular para Italia, resolveron manifestarse por escrito sobre aquel asunto. Todos afirmaron consensualmente que os franciscanos ao adoptaren a “pobreza evanxélica” como estilo de vida imitaban a Cristo e os seus apóstolos,

39 É interesante observar que dous dos asesores pontificios encargados de preparar esa bula foran Pedro de Xoán Olivi O. Min. (1248-98), líder dos espirituais da Provenza e o cardeal Benedito Caetani, máis tarde, papa co nome de Bonifacio VIII (1294-1303).

40 L. BAUDRY, *Guillaume d'Occam, Sa Vie, Ses Oeuvres, Ses Idées Sociale e Politiques*, París, J. Vrin, 1950, p.106.

os cales, de acordo coas ensinanzas evanxélicas, foran totalmente pobres. Outros menores, menos obedientes, estaban a cuestionar se o Papa tiña o dereito ou non de revogar unha disposición dun dos seus predecesores.

Ao coñecer aqueles acontecementos, Xoán XXII sentiu que non era respectado. Por iso, o 26 de marzo de 1322, promulgou a bula *Quia Nonnunquam*⁴¹ na que afirmaba que era perfectamente legal que un Papa alterase as decisións dos seus antecesores e, sobre todo, porque un número considerable de proposicións contidas na citada bula de Nicolao III, concernentes ao estilo de vida menorita e ao verdadeiro significado de pobreza xa foran revisadas unha chea de veces.

Se o debate e a reflexión arredor do que afirmara aquel Beguino fosen só teóricos, conforme, de maneira xeral, os estudosos os caracterizan, non se vería implicada tanta xente, pero a razón principal para seren considerados como tales polos historiadores franciscanos apunta a “(...) distinguir a della precedenti controversia trá comunitá e spirituali sulla pratica della povertà (...)”.⁴²

A bula *Quia Nunnunquam* provocou unha revolta dos menores en xeral. Algúns cardeais, particularmente Napoleón Orsini, Vital de Four e Bertrando de la Tour, estes últimos franciscanos, ao notar

esta situación, suxeríronlle ao Ministro Xeral, Miguel de Cesena, que tratasen aquel problema con ocasión do futuro Capítulo Xeral que se ía reunir en Perusa, e que despois se manifestase a toda a cristiandade o punto de vista oficial da orde sobre este tema.

O Capítulo Xeral foi aberto o día 30 de maio, domingo de Pentecoste, e un bo número das sesións dedicouse ao exame daquel asunto. Os días 4 e 7 de xuño, os frades capitulares redactaron dúas encíclicas sobre a pobreza evanxélico-franciscana. A segunda, a *Ab Alto Prospectans*⁴³, de natureza xurídico-institucional, rica en citas da Sagrada Escritura, de textos dos Santos Padres e dos documentos papais relacionados coa cuestión (*Exivi de Paradiso* (1312), *Quorundam Exigit* (1317), reflicte a tendencia predominante na orde no tocante ao estilo de vida franciscano, segundo o pensamento da comunidade: “(...) Cremos e afirmamos unánime e consensualmente que non é herético, senón católico, sensato e digno de fe, dicir e proclamar que Xesús Cristo, mostrando o camiño da perfección e os apóstolos seguindo o seu exemplo e ensinándollo ás persoas que desexaban vivir de modo perfecto, nada posuíron en particular ou en común grazas ao dereito de propiedade e dominio, isto é, por forza do propio dereito (...)”.⁴⁴

41 *Bullarium Franciscanum*, V, p. 224-225.

42 A.B. LANGELI OFM, “Il Manifesto Francescano di Perugia del 1322”, *Picenum Seraphicum*, 11 (1974) p. 211.

43 BALUSE-MANSI, *Miscellanea* III, Lucae, 1762: 208-211.

44 *Ibidem*, p. 208.

É importante resaltar que entre os 46 signatarios da *Ab Alto* estaban incluídos Cesena, Bonagrazia de Bérghamo⁴⁵, procurador da orde e antigo adversario dos espirituais, Guilherme de Nottingham, provincial de Inglaterra, Henrique de Talhein, provincial de Alemaña e tamén un importante número de doutores, mestres e bachareis en teoloxía, filosofía e dereito canónico.⁴⁶

O Sumo Pontífice considerou o xesto dos franciscanos capitulares como unha insubordinación colectiva e un pésimo exemplo para os fieis en xeral, pois definiron unha cuestión que aínda estaba en estudo na Curia. Por iso, o día 8 de decembro de 1322, a través da bula *Ad Conditorem Canonum*⁴⁷, mostrando claramente a concepción autocrática que tiña sobre o poder papal que exercía⁴⁸ e,

sen abordar tacticamente a cuestión da pobreza evanxélico-franciscana, entre outras ideas, Xoán XXII afirmou que a perfección cristiá residía principalmente na caridade, non só no desapego das riquezas, pois este é só un dos medios para poder atinxila; que non había unha distinción, conforme os Fillos de S. Francisco escribiran, entre o uso, o dereito de uso e de propiedade, polo menos no tocante aos bens funxibles. E cómpre salientar que a Igrexa só lle supuxera contrariedades o feito de se reservar o dereito de propiedade e de dominio sobre os bens que os menores estaban a usar, polo que revogou aquela disposición que lles fora concedida pola Sé Apostólica varias décadas antes.

A *Ad Conditorem* causou un enorme impacto sobre os franciscanos que, de

45 Pouco despois, en defensa da posición oficial asumida pola orde, ese frade escribirá un opúsculo titulado *De paupertate Christi et Apostolorum*, cuxo texto se encontra publicado no *AFH* 22 (1929) p. 487-511, no cal mostrou con habilidade as diferenzas que había entre os dereitos divino-natural e humano-positivo que estaban implicitamente subxacentes á cuestión da pobreza evanxélico-franciscana. Como o demostrou Alexandre Amaro no seu referido estudo, ese texto foi unha das fontes nas que Álvaro Pais se baseou para discorrer sobre o mesmo asunto, no seu *Estado e Pranto da Igrexa*, conforme foi referido na nota 38.

46 A. B. LANGELI OFM, *op.cit.*, p. 219: "(...) L'operato del capitolo generale non fu cioè, conseguenza della scelta estremistica dia una fazione dell'Ordine, al contrario fu l'espressione convinta di tutta la classe dirigente ed intellettuale francescane (...)".

47 *Bullarium Franciscanum* V: 233-246.

48 *Ibidem*, p. 233 e 246: "(...) Não há dúvida alguma de que compete ao autor dos cânones, fracassada unha experiencia, tomar as medidas necesarias para que a mesma não subsista causando prejuízos (...) por esses motivos, nós determinamos de ora em diante que a Igreja Romana não terá mais direito algum de propiedade sobre os bens que venham a ser doados aos Frades Menores ou que lhes cheguem às mãos por qualquer outro meio, exceto sobre seus conventos, suas igrejas, seus objetos e ornamentos litúrgicos e ainda sobre os livros destinados ao culto divino. Proibimos rigorosamente, a partir de hoje e para sempre, a nomeação de procuradores que, em nome da Igreja, recebam, demandem, façam resgatar e administrarem os bens que venham a ser ofertados aos Menores (...)".

repente, se viron privados daquela cobertura xurídica relativa ao seu estilo de vida peculiar e que o Papado lles asegurara. Agora só eran considerados como pobres e tampouco imitadores de Cristo e dos apóstolos, porque se asemellaban aos relixiosos doutras congregacións, posuidores do dereito de propiedade en común sobre os bens materiais que adquiriran ou lles doaran. Alén diso, parecíanlles que había unha contradición evidente no tocante ás opinións de Xoán XXII e de Nicolao III.

Logo de recibir as respostas⁴⁹ dos seus peritos no tocante á investigación que fixera referentes á pobreza de Xesús e dos seus apóstolos, o 12 de novembro de 1323, a través da bula *Cum inter nonnullos*, Xoán XXII condenou oficialmente como herética non só a opinión do referido terciario franciscano, senón tamén a declaración oficial do Capítulo de Perusa.⁵⁰

A bula papal demostra que Xoán XXII non só quería unha orde submisiva, menos ostentosa ao se pronunciar no tocante a un tema cuxas implicacións eran incómodas para a Igrexa, senón que tamén desexaba reafirmar claramente a súa autoridade, especialmente ao ter en conta o comportamento recente de certos franciscanos que o desobedeceran.

Mentres, malia Miguel de Cesena ordenar que os frades acatasen as decisións papais, esas bulas axitaran profundamente a vida institucional da congregación, porque, dun lado, moitos relixiosos aceptaran aquelas determinacións pontificias, ou por conveniencia e comodidade ou por temer represalias e, doutro, varios relixiosos, máis alá de cuestionaren a lexitimidade e a legalidade dos actos pontificios, optaron por se adherir a Ludovico IV que proseguía na súa loita política con Xoán XXII, de modo que a indisciplina e a intranquilidade se volveron feitos habituais.

49 No Ms 3740 da biblioteca do Vaticano encóntranse as respostas enviadas a Xoán XXII, con anotacións feitas por el mesmo. Responderon á súa indagación 17 dos 26 cardeais integrantes do Sacro Colexio naquel momento, 28 arcebispos e abades, 6 menoritas profesores-doutores en teoloxía. Só os cardeais franciscanos Vital de Four e Bertrando de la Tour dixeran que a declaración do aludido terciario non era herética.

50 *Bullarium Franciscanum V*: 256-259, p. 256: "(...) Como entre algúns escolásticos surgiu a dúbida se se debe considerar herética a afirmación pertinaz, segundo a qual Nosso Senhor e Redentor Jesus Cristo e seus Apóstolos nada possuíram particular e comunitariamente, nós com o firme desexo de por un término a esta disputa e considerando que a Sagrada Escritura diz em muitas passagens que os mesmos possuíram algúns bens; considerando que tal asserção pertinaz a contraria abertamente (...) e que ainda abala e questiona o resto das verdades que nela se sustentam qual Cristo, ouvindo o conselho de nossos irmãos, os cardeais, em primeiro lugar, declaramos para sempre que a referida asserção deve ser considerada errônea e herética (...). Igualmente declaramos errônea e herética aquela outra afirmación pertinaz, segundo a e os seus Apóstolos não tinham o direito de uso, sobre os bens que, de acordo com a Escritura eles possuíram e ainda o direito que tiveram quanto a vendê-los, doá-los e inclusive o direito de adquirirem outros mais (...)"

De acordo co testemuño de frei Francisco Bartoli de Asís, sábase que, nese medio tempo, probablemente debido ás conmemoracións do 1º centenario da morte de S. Francisco, frei Álvaro estivo en Asís.⁵¹

Mentres, as axitacións no interior da orde alcanzaran tal proporción que, o 8 de xuño de 1327, Xoán XXII convocou, por escrito, a Miguel de Cesena, ordenándolle que fose a Aviñ3n no prazo de 30 días, logo de recibir este documento, co fin de tratar daqueles problemas. Pero o Xeral non atendeu inmediatamente a convocatoria papal, porque estaba enfermo e encamado, en Tívoli, no reino de Nápoles.

Non obstante, non sabemos por que razón os guelfos, partidarios do Papa na súa loita contra o emperador Ludovico IV, lle enviaron algunhas cartas nas que acusaban inxustamente a frei Miguel propalando que el estaba a insuflar relixiosos e outras persoas para que apoiasen totalmente o *Bávaro* contra as forzas papais e franco-anxevinas. Acusábano tamén de querer ser o Papa, o que era máis grave aínda.

Dadas esas cartas e os acontecementos referidos máis arriba, se antes xa existía certa desconfianza sobre a posición do Xeral, Xoán XXII pasou a sospeitar efectivamente que este conspiraba contra a súa persoa.

En fin, Cesena chegou a Aviñ3n o 1º de decembro de 1327. O Santo Padre acolleuno ben. Ordenoulle, porén, que substituíse os ministros das provincias de S. Francisco e de Aragón, cuxa indisciplina era un pésimo exemplo para os confrades, no que foi rapidamente atendido.

Naquel momento, tanto porque os xibelinos do norte de Italia, aliados seus, pedíanlle socorro contra a alianza franco-anxevina e pontificia, como porque desexaba ser coroado emperador en Roma, dada a relevancia simbólica daquela cidade no tocante á propia ideoloxía imperial e ao significado daquel acto, en decembro de 1327, Ludovico IV iniciou a súa marcha en dirección a Italia e a Roma, pero non encontrou ningunha resistencia por parte dos seus inimigos.

Non obstante, cando a Xoán XXII lle notificaron a inminente chegada de Ludovico IV a Roma, lanzou un interdito sobre esta, ordenándolle a Angelo Tignosi, bispo de Viterbo-Toscana e vigairo seu na esfera espiritual para a Cidade Eterna que o aplicase rigorosamente. Tamén esixiu que os romanos lle prestasen xuramento de fidelidade. Por medo a que os partidarios do emperador lle preparasen algunha emboscada, Tignosi refuxiouse na abadía de Subiaco ou nos seus arredores e encargoulle a frei Álvaro que executase aquela

51 Cf. de autoría do mencionado frade, o *Tractatus de Indulgentia S. Mariae de Portiuncula*, Ed. Paul SABATIER, París, 1900, p.28: "(...) fr. Gregius Sancto Severo de Urbe Veteri dixit ano Domini M^oCCC^oXXVI^o fratri Andrae de Priciliano provinciae Tholosanae quod quum ex devotione ad Sanctam Mariam de Angelis, in convento Assisii fuit confessus fratri Alvaro Hispano doctori, in qua confessione sensit magnam consolationem mentalem (...)".

misión⁵² que lle fora confiada e que o informase sobre o seu resultado decontado.

Ludovico IV chegou a Roma nos primeiros días de 1328, onde se fixo coroar emperador o día 17. Ao temer ser capturado polos invasores e cismáticos, Álvaro Pais refuxiouse na ermida de Monte Compatri, nos outeiros do Albano, distante algunhas leguas de Roma, rexión esa que estaba baixo o control dos guelfos.⁵³

Desde este lugar, o 2 de febreiro de 1328, o menorita galego envioulle unha *Carta*⁵⁴, titulada, con certeza non por el

mesmo, *Ad Quosdam Cardinales de Auctoritate Papae*, a D. Angelo Tignosi e a D. Bartolomeo Prignano, abade de Subiaco, na que, non só os informou sobre os resultados da misión que lle fora confiada polo citado bispo, senón que tamén confesaba a súa lealdade a Xoán XXII e, en grandes liñas, esbozou o seu pensamento político de cariz hierocrático, refutando as principais teses⁵⁵ de Marsilio de Padua (1280-1342), expostas no seu *Defensor da Paz*⁵⁶, (1324), as cales, pouco despois, serán retomadas e desenvolvidas amplamente no *Primeiro Livro do Estado e Pranto da Igrexa*⁵⁷, o seu

52 Cf. V. MENEGHIN OFM, *Scriti Inediti di Fra Álvaro Pais*, Lisboa, ed. Instituto de Alta Cultura da Faculdade de Letras de Lisboa, 1969, Epistola 15: 144: "(...) Rector ducatus, angelus Domini terrestriis, iniunxit mihi per obedientiam contra Bavarum hereticum sanctam ecclesiam tribulantem, et contra Nicolaum schismaticum a se et a suo patre Lucifero ortum, intrusum et sedem apostolicam occupantem, per ducatum crucem ecclesiasticum predicare (...)". A propósito, ese libro, contén un conxunto de cartas escritas por frei Álvaro, cuxa descuberta sacou á luz moitos datos relativos á biografía e a aspectos do franciscanismo e da teoloxía ascética do seu autor, abrindo novas perspectivas para a investigación sobre as súas ideas sobre tales asuntos. 53 *EPI I*, art. 27º, vol. I, ed. cit.: 479: "(...) É tamén evidente que o concilio, ou melhor o conventículo que sobre isto fez em Roma - estava eu então perto desta Cidade a umas três léguas no eremitério de Monte Compatri fugindo à perseguição e face do Bávaro na terra dos Guelfos (...)".

54 Cf. V. MENEGHIN OFM, *Scriti Inediti di Fra Alvaro Pais*, Lisboa, Instituto de Alta Cultura da Universidade de Lisboa, 1969, texto: 96-132.

55 Cf. José Antônio de SOUZA, "Algumas considerações acerca duma Carta de Álvaro Pais O.M. (1270-1349), datada de 1328, in *Pensamiento Medieval Hispano, Homenaje a Horacio Santiago-Otero*, (José María Soto Rábanos, Coordinador), Madrid, CSIC/Consejería de Educación e Cultura da Junta de Castilla y León, Deputación de Zamora, 1998, vol. II, p. 1175-1201. Nese estudo, entre outros propósitos, procuramos xustamente demostrar esa correlación, sempre que sexa posible, remitindo o lector aos artigos correspondentes do *Estado e pranto da Igrexa, Livro I*.

56 Ed. en vernáculo, *Introdução* (Francisco BERTELLONI, Gregório PIAIA) e notas José Antônio de C. R. de SOUZA, *Coleção Clássicos do Pensamento Político*, vol. 12, Petrópolis, Vozes, 1997, 701 p.

57 Cf.. § § 3-17, p. 97-113. Cotéxese ese treito, por exemplo, con pasaxes dos artigos I-XIII, XXXVII, XLV, LXVIII/LXX, e igualmente, V. MENEGHIN OFM, *op. cit.*, *Introduzione*, p. XXII-XXIII: "(...) Più tardi, infatti, Álvaro la sviluppò, conservandone la sostanza, in parecchi punti (...), Il confronto, anche non minuzioso, tra la lettera e il primo libro del De Planctu Ecclesiae, dimostra che il contenuto di questo primo libro è stato concepito e in gran parte scritto a Montecompatri nel 1328. Percio no è rigorosamente esato quanto afferma lo stesso Alvaro asserendo che incominciò la sua mano la lettera al vescovo di Viterbo e all'abate de Subiaco (...) diede ad essa forma di trattato, l'ampliò, le divise in capitoli, vi aggiunse le citazioni scritturistiche e giuridiche che nella lettera mancano del tutto (...)".

escrito principal, defendendo, por exemplo, a preeminencia do poder papal sobre o imperial, inclusive, na esfera secular. Por outro lado, o menorita galego, tampouco deixou de denunciar as causas e os feitos graves que, ao seu ver, mostraban a decadencia da Igrexa naquela época.

É probable que, nesa mesma altura ou pouco despois destes eventos, Álvaro escribise outro opúsculo, de natureza filosófico-política, titulado *Sobre o poder da Igrexa*⁵⁸, o cal, entre 1330-32 se incorporará ao artigo 40 do *Primeiro Livro do Estado e Pranto da Igrexa*.

Debido aos novos sucesos militares obtidos por Ludovico IV máis alá do Lacio e ás medidas que tomou en Roma, frei Álvaro foi obrigado a fuxir para a Umbria. De feito, “(...) o 14 de abril instalouse un tribunal (en Roma) para discutir sobre a ortodoxia de Xoán XXII. O día 18, en sesión solemne xunto ás portas da Igrexa de S. Pedro e diante do emperador Luís IV, o frade agostiño Nicolao Fabriano preguntou quen de entre o pobo quería defender o sacerdote Tiago Duèse de Cahors, considerado por algúns como Papa Xoán XXII. Ninguén se ofreceu para isto. Entón un

frade alemán proferiu un discurso acusando o reo e probando que el era un herexe contumaz por contradicir o Evanxeo en dous puntos: un, o de que que lles negaba a Cristo e aos Apóstolos a súa pobreza absoluta, e o outro, o de extrapolar os poderes conferidos por Cristo a San Pedro, como líder da Igrexa, ademais de cometer o crime de lesa maxestade ao anular as eleccións de 1314 (...).” O Papa Xoán XXII foi deposto polo emperador. Un mes despois, o (...) *Bávaro* designou 13 persoas para elixiren un novo Papa. O escollido foi o menorita Pedro Rinalducci de Corvara, que adoptou o nome de Nicolao V (...).⁵⁹

Un ano máis tarde (1329), desde Montefalco, dirixíndose por carta aos disciplinados de Perusa, entre outros asuntos, Álvaro contoulles que eses acontecementos lle impediran dirixir unha cruzada contra o emperador e o antipapa.⁶⁰

Nese momento, en abril, frei Miguel de Cesena pediulle licenza a Xoán XXII para se dirixir a Bolonia, onde, no domingo de Pentecoste (1328), como de praxe, sería aberto un novo Capítulo Xeral da orde. Xoán XXII negoulle a autorización e, incluso o acusou de querer ir a Italia co fin de ser

58 J. Antônio de C.R. de SOUZA, “O Pensamento hierocratico num texto anônimo das primeiras décadas do século XIV”, en *Temas de Filosofia Medieval* (José Antônio de C.R. de SOUZA, org.) Ed. Universitária Leopoldianum, Santos, 1990, p. 197-231.

59 Cf. José Antônio de C.R. SOUZA, “Guilherme de Ockham e sua época”, *Leopoldianum*, 26 (1982) p. 17-18. Cf. tamén *Annales Minorum* VII, p. 78-79; G. MOLLAT, *Les Papes d'Avignon, Les Papes d'Avignon*, París, Letouzey & Ané, 1964, p. 350-352 e, principalmente, o propio testemuño dado por Álvaro Pais, *EPI*, vol. I, ed. cit, p. 499: “(...) No tempo em que escrevo esta obra [1330-32] ele [Ludovico IV] depôs, de facto, pública e solenemente na Cidade, com o povo e clero romanos, o senhor papa João XXII, lançando-lhe o título de heresia (...) substituiu-o por outro, frei Pedro (...) e do qual ninguém pode dizer outra coisa senão que é o anticristo místico e não o papa Nicolau como a si próprio se intitula (...)”.

60 V. MENEGHIN OFM, *op. cit.*, *Introduzione*, p. XV.

Papa co apoio de Ludovico IV. Miguel respondeulle que non pasaba de ser un humilde profesor de teoloxía que exercía naquel momento o cargo de Xeral dos menoritas. Engadiu, incluso, que consideraba o Santo Padre lexítimo sucesor de S. Pedro, pero o Papa, ademais de non crer o que lle dicía, prohibiulle ausentarse de Aviñón.⁶¹

Pouco despois, o Papa ordenoulle ao cardeal Bertrando de Pouget que o representase persoalmente na asemblea franciscana e que impedise por todos os medios unha eventual reelección de Cesena. A pesar disto, os frades capitulares nomeárono para o posto de Xeral. Enseguida se lle encargou a un relixioso que fose a Aviñón notificar o que pasara naquel Capítulo. O Ministro non recibiu a información porque, coaccionado polas circunstancias adversas, o 26 de maio, durante a noite, el e os seus compañeiros máis próximos, Bonagrazia de Bérgamo, Henrique de Talhein, Francisco de Ascoli e Guillerme de Ockham, fuxiran a Pisa, que se encontraba baixo o control das tropas imperiais, a onde chegaron o 9 de xuño.

Tres días antes, Xoán XXII cesou a Cesena e nomeou o cardeal Bertrando de la Tour administrador *pro tempore* da orde, ata que houbera unha nova elección para escoller outro Ministro Xeral. Temendo que se

repetise novamente o que ocorrera no Capítulo de Boloña, de inmediato, o cardeal destituíu 14 ministros provinciais fieis a Cesena.

A permanencia en Roma de Ludovico IV foi efémera. O 4 de agosto de 1328, as forzas pontificia e napolitana, logo da súa reorganización, cercáranla e tomáranla, o que obrigou o emperador a fuxir para o norte da península, primeiro en dirección ao ducado de Espoleto, onde o *Bávaro*, en Todi, conseguiu da poboación, por medio da violencia, subsidios para a guerra, talvez en represalia de que os tudertinos apoiaran os aliados de Xoán XXII. De Espoleto, Ludovico da Baviera e as súas tropas dirixíronse a Pisa, a onde chegaron o 21 de setembro. A principios de xaneiro de 1329, o antipapa Nicolao V xuntouse co seu protector.⁶²

Así, Álvaro Pais pode regresar a Roma e fixa a súa residencia no convento de Araceli, vinculado á provincia romana, onde se hospedaba cando ía a aquela cidade, pois, segundo el mesmo relata, foi aí onde, en certa ocasión, coñeceu frei Pedro de Corvara e, certamente, foi durante aquel ano, conxuntamente o seu testemuño, cando el e outros frades e eclesiásticos participaran nunha importante reunión para tratar de problemas que afectaban a Igrexa e os menores, provocados polo *Bávaro* e o pseudopapa Nicolao V.⁶³

61 Cf. L. BAUDRY, *op. cit.*, p. 113.

62 G. MOLLAT, *op. cit.*, p. 357.

63 *EPI I*, art. 27, vol. I, ed. cit.: 475 "(...) o Bávaro (...) o ter substituído (...) por frei Pedro de Corbaria, pseudo-religioso da Orde dos Menores, verdadeiro hipócrita que conheci na Cidade, quando eu era conventual em Roma no convento de Araceli, e que pagava a dízima da hortelã e do endro com certas abstinências exteriores, Mateus, XXIII, apanhava as bolsas às claras e às escondidas, vivia quase continuamente entre mulherzinhas romanas, e entre elas buscava a glória, e como me testemunharam o ministro daquela província e os [custódios] quando estávamos a tratar, em grande concílio, do feito dele e de outros que haviam se rebelado contra a Igreja e a Orde (...)".

Neste momento, como o cisma de Miguel de Cesena atraera a moitos franciscanos, chegou 3 Curia a noticia de que o frade galego tam3n se adherira ao ex-Xeral. Recorrendo ao gobernador do ducado de Espoleto, Xo3n Amelio, arcediago de Friuli, Xo3n XXII procurou saber se a noticia era verdadeira ou improcedente. Xo3n Amelio respondeulle que, naquel per3odo turbulento, 3lvvaro defendera firmemente a Igrexa, o Papado e rompera con Miguel de Cesena. Sabedor disto, o 23 de marzo de 1329, o Papa escribiulle unha carta ao menorita galego relat3ndolle o que falaran del sen fundamento e exhort3bao a que se mantivese fiel nas s3as convicci3ns, e prometeulle recompensalo pola s3a fidelidade.⁶⁴

Igualmente, no mesmo d3a, o Sumo Pont3fice envioulle unha carta a Xo3n Amelio na que o instaba para que apoiase e protexese a frei 3lvvaro, se continuaba fiel ao Papado.⁶⁵

Logo da excomuni3n de Miguel de Cesena e dos seus partidarios, o 11 de xu3no de 1329, domingo de Pentecoste, os menores reunidos en Cap3tulo Xeral na cidade de Par3s, escolleran un amigo persoal do Santo Padre, frei Xeraldo Odon de Aquitania, como novo Ministro Xeral da orde.

V. Meneghin considera que foi nesa ocasi3n, ben tumultuosa para os menores,

cando 3lvvaro Pais lle escribiu as s3as d3as cartas⁶⁶ a Angelo Clarenos, un dos l3deres dos espirituais franciscanos, xustificando por que rompera con aquel grupo de frades.

Abonde salientar que o frade galego entend3a que, infelizmente, naquel momento dif3cil para a Igrexa, ben m3is importante do que a orde, Clarenos ti3a raz3n en dicir que moitos eclesi3sticos e leigos estaban a dar un p3simo exemplo aos demais fieis. Malia isto, todos os bos cristi3ns deb3an manterse fieis, principalmente, debido 3s varias tribulaci3ns con que os estaban po3ndo a proba.

Por esa raz3n, frei 3lvvaro non aceptaba a lexitimidade de calquera movemento separatista no interior da Igrexa e no seo da orde, a3nda que os motivos alegados por aqueles que asumiran esa actitude fosen xustos e loables. As3, todos os que abandonaban a congregaci3n volv3anse ap3statas, pois romper co voto de obediencia era o mesmo que renunciar 3 vida relixiosa, consider3ndose que o compromiso de suxeici3n aos superiores xer3rquicos e 3 Igrexa ten un enorme valor perante Deus, por se tratar dunha virtude cristi3a.

3 parte diso, o frade galego d3xolle a Clarenos que, de modo xeral naquel momento, en todos os conventos se obser-

64 Cf. SOUSA COSTA OFM, *op. cit.*, p. 31, nota 68, tam3n in *Bullarium Franciscanum*, V, p. 378.

65 Cf. SOUSA COSTA OFM, *op. cit.*, p. 30, nota 6: "(...) Si dilectus filius Alvarus de ordine fratrum Minorum in devotione nostra et ecclesiae Romanae persistens.. sicut litterarum tuarum nobis transmissarum habebat series (...) volumus quod ipsum, cui super scribimus, favorabiliter et benevole prosequaris (...)".

66 Cf. MENEGHIN OFM, *op. cit.*, 1^a, p. 54-70; 2^a, p. 70-85.

vaba plenamente a Regra de S. Francisco. Só algúns relixiosos, cheos do espírito farisaico, moito máis preocupados polas manifestacións exteriores da pobreza que pola súa esencia, se esquecían de que ela é só un medio de perfeccionamento espiritual, e non un fin en si mesma, porque unicamente a caridade se revestía desa característica. Entendía el que foi por iso polo que aqueles malos frades romperan coa orde e coa Igrexa.

Ademais, eles non escoitaban os bos consellos de ninguén, expresaban o seu punto de vista sobre a vivencia da pobreza como se fosen teólogos e propalaban que a regra os facultaba para desobedecerlles aos superiores e dignitarios eclesiásticos cando estes lles ordenasen facer algo contrario á propia consciencia. Non estaban lexitimamente autorizados a romper coa orde, aínda que fose para vivir rigorosamente a pobreza absoluta.

Talvez a finais de 1329 ou a principios de 1330, Xoán XXII fixo efectiva a promesa de, como consecuencia dos innumerables servizos que lle prestara á Igrexa, recompensar a Álvaro Pais e nomeouno Penitenciario Apostólico en Aviñón, función esa que abranguíu o encargo de ser o confesor dos cardeais e, ao mesmo tempo, de corrixir os dignitarios eclesiásticos irresponsables que non cumprían cos seus deberes de pastores.

Foi durante a súa estadía na Curia papal (1330-32) cando el escribiu a primeira versión da súa obra principal, o *Estado e Pranto da Igrexa*.

En xaneiro de 1330, o outro concorrente da elección imperial de 1314, Frederico da Austria, faleceu. Ese feito e os sucesos militares en Italia fixeran que, en febreiro, Ludovico IV iniciase a súa marcha de retorno a Alemaña, acompañado por Cesena e os seus catro amigos, os cales, ademais, había algún tempo que viñan disuadindo o emperador de apoiar o antipapa Nicolao V, cuxa vida anterior o desacreditaba no tocante á eminente función que exercía. Por iso, foi convencido para quedar en Pisa e foi capturado pouco despois polo exército pontificio.

A finais de agosto, Pedro de Corvara renovou solemnemente a súa abxuración en presenza de Xoán XXII, dos cardeais e doutros funcionarios da Curia, feito ese que Álvaro Pais tamén rexistrou no seu *Estado e Pranto da Igrexa*.⁶⁷

Frei Álvaro relata que, durante a súa estadía en Aviñón, posiblemente en 1331, o novo Xeral, frei Xeraldo, co propósito subrepticio de lle agradar ao Papa Xoán XXII, co fin de obter del o cardealato, pretendeu forzar o liderado da orde para relaxar, aínda máis, a observancia do ideal de pobreza. O Papa e os cardeais prohibíranlle tomar calquera medida con tal propósito,

67 *EPI I*, art. 39º, vol. I, ed. cit.: 499: "(...) Por fim, vindo pessoalmente, ou melhor, trazido pessoalmente a Avinhão, confessou a sua culpa e pediu perdão perante o dito senhor papa João e o colégio dos cardeais e na presença do clero e do povo, pela sua intrusão e pelo cisma que fizera na Igreja de Deus (...) Renunciando ao papado que de facto usurpara, encontra-se até hoje cauta e curialmente detido e encerrado numa câmara (...)".

por considerala desorbitada.⁶⁸ Malia isto, durante o Capítulo Xeral de Perpignan, inaugurado no domingo de Pentecoste, o 19 de maio de 1331, Xeraldo Odon coaccionou os menores para que aceptasen novas disposicións para a observancia da pobreza.

É máis que probable que, no transcurso de 1331, Álvaro Pais teña recibido a *Epístola Responsiva*⁶⁹ de Angelo Clareno, escrita en 1330, conforme podemos notar, tanto no parágrafo 51, no que el alude ao cargo, daquela exercido polo frade galego na Curia papal, cando no parágrafo 167, no que escribe que os católicos xa existían hai 1.300 anos, carta esa na que refutou as críticas que Álvaro lle fixera.

Un novo acontecemento veu agravar aínda máis aquela tumultuosa ocasión. O 1º de novembro de 1331, nun sermón proferido na celebración en loor de todos os santos, o Papa Xoán XXII afirmou que as

almas dos xustos só irían ver a Deus cara a cara logo do Xuízo Final. O día 15 de decembro, noutro sermón, o Papa volveu declarar que: “(...) antes da resurrección dos corpos e das almas destes, estando separadas non posuirían a vida eterna nin poderían gozar da felicidade propiamente dita, isto é, a visión beatífica (...)”.⁷⁰

O 5 de xaneiro de 1332, avanzando no seu pensamento sobre ese tema, o Sumo Pontífice dixo que nin os demos, nin os condenados habitaban o inferno. Eles só irían vivir naquel lugar de suplicios na consumación dos séculos. Toda a cristiandade quedou axitada coas ideas do Papa e, unha vez máis, os seus adversarios aproveitaron para acusalo de herexe.

Ningún dos escritos de Álvaro Pais identificados como tal e estudados ata o momento nos permite supor que el compartise estas opinións defendidas por Xoán XXII sobre a “visión beatífica”⁷¹,

68 *EPI II*, art. 67º, vol. VII, ed. cit.: 271: “(...) Entretanto, em Avinhão no tempo do dito senhor papa João XXII, e meu, catorze ministros em parte voluntariosos e em parte receosos (alguns dos quais durante muito tempo animei eficazmente para o contrario do que faziam, embora não tenha podido demovê-los, por serem então pressionados por frei Geraldo, ministro-geral, com ameaças e injúrias) puseram seus selos pendentés, justamente com o selo do predito ministro-geral frei Geraldo da Aquitânia, principal autor e glosador das três distorcidas glosas que destroem a dita regra, em un documento, que o dito geral apresentou com alguns desses referidos ministros ao dito senhor papa João, na presença de muitos cardeais. Porém, o predito senhor papa...seguinto como justo juiz as pegadas de seus predecessores, zeladores da verdade, que declararam a regra...disse, na presença dos mesmos ministros, ao referido geral frei Geraldo, o qual, como há pouco disse, havia confeccionado as três mencionadas glosas celeradísimas e dignas de ser feridas com o anátema perpétuo, crendo com isso agradar ao papa João de quem esperava o capelo vermelho: ‘Este entendimento que dás dos dois citados caps. da regra é forçado e contra a regra e não cremos que dentre mil frades da Ordem haja un que concorde contigo’. Então os senhores cardeais que assistiam ao papa, diziam que as preditas glosas do predito Geraldo eram contra a regra, e concordemente sorriam-se dele por saberem de que pestífera raiz haviam sido fabricadas (...)”.

69 *AFH* 39 (1948), 40 (1949) p. 93-200 (texto).

70 Cf. G. MOLLAT, *op. cit.*, p. 54.

71 Cf. N. IUNG, *op. cit.*, p. 30.

máis ben considera tal modo de pensar unha herexía profesada pola igrexa grega e cismática.⁷²

É probable que nesa ocasión na Curia vehiculasen boatos sobre unha eventual promoción de Álvaro Pais, posto que terá solicitado de Xoán XXII unha dispensa de ilexitimidade, a cal, como apuntamos páxinas atrás, lle foi concedida mediante a bula *Libentur Illis*⁷³, na que, debido aos méritos persoais do postulante, ademais de atendelo, o Papa o declaraba apto para exercer calquera cargo de dirección tanto na orde franciscana como na propia xerarquía eclesiástica.

De feito, pouco despois, a través da bula *Quam sit Onusta*, o Pontífice nomeou-no bispo de Coron, na península da Moreia, Grecia, en circunstancias especiais, visto que “(...) a la mort d’Albert (...) membres du chapitre élisent pour lui succéder un sous-diacre le chanoine François de Lucas (...)”⁷⁴ e, o 1 de marzo de 1333, quedou exento de pagar unha taxa debido á súa promoción ao episcopado. Pouco despois, o propio D. Álvaro solicitoulle ao Papa que o mandase para outra diocese, no que foi atendido rapidamente, en xullo daquel mesmo ano, dado que Xoán XXII o transferiu para o, daquela, bispado de Silves, actualmente, diocese de Faro, no Algarve, sur de Portugal.

72 *CFCH*, vol. II, ed. cit., p. 105-106: “Em nono lugar, dizem que as almas, por mais perfeitas que sejam, unha vez desprendidas dos corpos não possuem a glória até ao Dia do Juízo, mas vagueiam como as aves do céu. Tal afirmação é errónea e contra toda a Sagrada Escritura. E, em primeiro lugar, contra as palavras do Livro da Sabedoria, III: ‘mas as almas dos justos estão na mão de Deus’(...)”, e seguintes, ata a p. 129.

73 Cf. *Bullarium Franciscanum* V, p. 520-521; Cf. tamén, SOUSA COSTA, *op. cit.*, p. 75.

74 Cf. N. IUNG, *op. cit.*, p. 17.



José Antônio DE CAMARGO RODRIGUES DE SOUZA: “¿Un fillo de Gómez Chariño?: Álvaro Pais; traxectoria e promoción ao episcopado”, *Revista Galega do Ensino*, núm. 44, novembro 2004, pp. 177-198.

Resumo: D. Álvaro Pelayo O. Min. (c. 1270-1349/50) naceu en Galicia. Era bastardo e pertencía a unha familia nobre da rexión. No ano 1304 ingresou na Orde dos Frades Menores. Converteuse nun personaxe famoso, moi coñecido polos seus contemporáneos; dunha parte, por ter loitado moito para manter a unidade na súa congregación relixiosa, minada polas crises internas; doutra, por defender a posición asumida polo Papa Xoán XXII (1316-34) e o Papado, fronte á loita mantida contra o emperador Ludovico IV de Baviera (1314-47) e o seu ideólogo Marsilio de Padua (1280-1343), na súa obra *Defensor de la paz*. Expuxo o seu pensamento político, de cariz hierócrata, no voluminoso *De Statu et Planctu Ecclesiae*, redactado por vez primeira entre 1330-32 e logo entre 1335 e 1340. Á vista da ampliación dos coñecementos recentes sobre a biografía de frei Álvaro, preténdese neste artigo sintetizalos, analizalos e encadralos nos mencionados contextos históricos.

Palabras clave: biografía, literatura galego-portuguesa, pensamento de autor, relacións igrexa-estado, pensamento franciscano, época, cisma.

Resumen: D. Álvaro Pelayo O. Min. (c. 1270-1349/50) nació en Galicia. Era bastardo y pertenecía a una familia noble de la región. En el año 1304 ingresó en la orden de los Frailes Menores. Se convirtió en un personaje famoso, muy conocido por sus contemporáneos; de una parte, por haber luchado mucho para mantener la unidad en su congregación religiosa, minada por las crisis internas; de otra, por defender la posición asumida por el Papa Juan XXII (1316-34) y el papado, frente a la lucha mantenida contra el emperador Ludovico IV de Baviera (1314-47) y su ideólogo Marsilio de Padua (1280-1343), en su obra *Defensor de la paz*. Expuso su pensamiento político, de cariz hierócrata, en el voluminoso *De Statu et Planctu Ecclesiae*, redactado por primera vez entre 1330-32 y después entre 1335 y 1340. A la vista de la ampliación de los conocimientos recientes sobre la biografía de fr. Álvaro, se pretende en este artículo sintetizarlos, analizarlos y encuadrarlos en los mencionados contextos históricos.

Palabras clave: biografía, literatura gallego-portuguesa, pensamiento de autor, relaciones iglesia-estado, pensamiento franciscano, época, cisma.

Abstract: Mr. Álvaro Pelayo O. Min. (1270-1349/50) was born in Galicia. He was a bastard and belonged to a noble family of the region. In 1304 he entered the religious order of the Frailes Menores. He became famous, both for being able to maintain unity within the Frailes Menores order (endangered by internal crisis), and for defending Pope John XXII (1316-34) thesis (against the emperor Ludovic IV of Wavier (1314-47 and its ideologist Marsilio di Padova (1280-1343)) in his book *Defensor de la Paz* (*Peace Defensor*). He exposed his political thinking (a hierocratic one) in the voluminous book *De Statu et Planctu Ecclesiae*, first written between 1330-32 and re-written 1335-40. This article synthesises, analyses and gives the historical framework of the biography of this Franciscan's relevant man.

Key words: biography, galician-portuguese literature, author's thinking, church-state relations, franciscan thinking, epoch, schism.

– Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 04-03-2004.